1º BACHARELATO

| | | | |
|---|---|---|---|
| ASIGNATURA/MÓDULO | INGLÉS | | |
| CURSO E GRUPO | 1ºA,B,C,D,E,F | | |
| PROFESOR/A (ES/AS) | ELBA NIEVES, BEGOÑA MARTÍN, | | |
| LIBRO DE TEXTO | Editorial BURLINGTON LIVING ENGLISH<br>Autor Elizabeth Grant, Kaitlin Edwards | | |

| Data de Autorización | 2015 |
|---|---|

**27.1 Obxectivos xerais do curso**

**Seguindo as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia (MCER**),

- Un alumno/a que estude 1º bach. será competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no **nivel B2, é** dicir, un usuario independente qu é quen de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos coma abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do seu campo de especialización;
- pode relacionarse con falantes nativos, cun grao suficiente **de fluidez e naturalidade**, de modo que a comunicación se realice sen esforzo por parte dos interlocutores;
- pode producir textos claros e detaLlados sobre temas diversos, así como defender un pu.to de vista sobre temas xerais, indicando os pros e os contras das distintas opcións.

No que se refire á **comprensión de mensaxes orais e escritas**, en Bacharelato o alumnado debe ser capaz de comprender a información transmitida polo seu interlocutor/a, independentemente do acento que este teña.

No caso das emisións transmitidAs por medios de comunicación ou reprodución mecánica, preténdese que comprendan a información global e a específica das mensaxes, que interpreten aLgunhas das ideas principais transmitidas nelas e que sexan capaces de realizar certos tipos de abstracción dentro do campo de interese xeral do alumno/a.
Os temas e situacións de comunicación **amplían o coñecemento do mundo e** as experiencias persoais do alumnado, ademais de permitirlle tomar conciencia do valor da lingua inglesa como vehículo de comunicación internacional e da súa importancia na sociedade e no mercado laboral actual.

A secuenciación das habilidades comunicativas receptivas non dá por feito que o alumnado non as adquirise na Educación Secundaria Obrigatoria; o que tratamos de conseguir é a automatización do seu uso en Bacharelato grazas ao **repaso e á práctica continua** que se fai delas ao longo das unidades didácticas.

Polo que respecta á **produción oral**, en Bacharelato os interlocutores/as continúan sendo –o mesmo que na ESO– profesores/as, compañeiros/as e falantes da lingua inglesa. Os alumnos/as participan en conversacións nas que hai que **narrar, describir, informar e transmitir ideas e opinións de maneira clara e ordenada**, utilizando estratexias de comunicación e compensación que aprenderon na ESO, e tamén repasan, amplían e profundan nas funcións comunicativas da lingua estudadas en cursos precedentes
En canto á **produción escrita**, a complexidade estará non só na extensión e nos conceptos expresados, senón tamén nas habilidades comunicativas utilizadas. Xa que logo, en **Bacharelato os textos terán un carácter cada vez máis complexo,** aínda que sempre dentro da realidade persoal e académica do alumnado. As producións incluirán desde cartas ou correos electrónicos informais, até textos narrativos, de opinión, argumentativos, informativos e descritivos, biografías e cartas ou correos electrónicos formais

Os alumnos/as deberán progresar na utilización das estruturas gramaticais, mostrando así un grao de madurez sintáctica maior que na ESO. Esta madurez leva aparellado o **uso correcto dalgunhas oracións subordinadas e marcadores do discurso, a ampliación do léxico receptivo e produtivo, e o desenvolvemento de procesos de autocorrección**

No referente á **lectura comprensiva e autónoma** de textos de temática xeral e/ou adecuados aos seus intereses, o alumnado utilizará técnicas de aprendizaxe que desenvolvan a súa **autonomía na lectura** comprensiva e no uso dos procedementos adquiridos de modo sistemático. Os tipos de texto máis usuais son artigos de revistas, textos informativos, narrativos e culturais, extractos de libros, poemas e historias breves. As estratexias de lectura centradas en desenvolver a súa autonomía, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada, etc.), o uso de gramáticas e libros de referencia, e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras, as categorías gramaticais, a identificación de *false friends*, sinónimos, etc., requiren unha práctica sistemática para alcanzar a automatización no desenvolvemento da lectura comprensiva. Os textos iranse especializando pouco a pouco, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de fomentar nos alumnos/as o **aprecio da lectura** como fonte de información, pracer, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida. Tamén se pretende fomentar unha actitude receptiva e respectuosa, e ao mesmo tempo crítica, cara á información que transmiten os devanditos textos.
**A actitude do alumno/a cara á aprendizaxe da lingua estranxeira** é esencial para que recoñeza e aprecie o valor comunicativo da devandita lingua e a súa propia capacidade de aprender. A reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe inclúe a consideración da finalidade que ten para cada estudante, base fundamental para que recoñezan a súa capacidade persoal de aprender e progresar e para que adopten as destrezas de estudo necesarias que poderán utilizar ao longo da súa vida.
EnBacharelato facemos uso dos elementos socioculturais que achega a lingua estranxeira e promovemos a súa interpretación e valoración. Con isto preténdese facilitarlle ao alumnado **a comprensión da cultura anglosaxoa**, presentándolle os seus elementos máis significativos, valores, normas e estereotipos, resaltando sempre o contraste e a relativización coa propia cultura, e buscando os valores comúns que ambas as dúas supoñen.

Por suposto, o alumnado debe ser consciente da importancia que ten o inglés nas relacións internacionais, unha realidade que eles verán patente no panorama social e laboral actual e a cuxa comprensión contribuímos desde a nosa área.

As estratexias son elementos cruciais para a aprendizaxe e é necesario utilizalas constantemente até chegar á súa total automatización, sen necesidade de reflexión. Por iso, en Bacharelato, primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e despois, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico que nos marcamos.

As estratexias de aprendizaxe servirán tamén para mellorar o desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para realizar as actividades. Estas son as que desenvolvemos en cada destreza comunicativa:

• **Reading** (comprensión escrita): **predición do contido do texto** a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central**; identificación** da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de **información específica *(scanning)***; identificación das palabras clave nun texto; **inferencia de significados non explícitos** (ler entre liñas); **dedución do significado** daspalabras polo contexto.

• **Listening** (comprensión oral): **comprensión de enunciados; anticipación** de contidos; **atención selectiva**; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación**; audición comprensiva de mensaxes** emitidas por falantes con distintos acentos, etc.

• **Speaking** (produción oral): estratexias de elaboración que facilitan a **interacción na aula**, tales

como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e de estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre **mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións** orais.

**Writing** (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento **da imaxinación e da creatividade**, e a procura da información en diversas fontes. O estudante deberá atender tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores e respectando á vez a estrutura dos mesmos.
A *Interactive Whiteboard* ofrécelle ao profesorado unhas ferramentas excelentes para mellorar a aprendizaxe e a motivación dos alumnos/as. O contido pódese visualizar mellor e explicar de maneira máis clara **coa tecnoloxía dos encerados dixitais**. O uso de son, combinado con efectos visuais impactantes, permítelle ao profesor mostrar a materia de xeito máis real. Os fragmentos de **vídeos e películas**, e as entrevistas, pódense presentar en calquera momento da clase a través de ligazóns a Internet.

Sen dúbida, a tecnoloxía dos encerados dixitais capta a atención dos alumnos/as durante máis tempo e implícaos no proceso de ensino-aprendizaxe de maneira máis activa, facendo que respondan e estean implicados na clase constantemente, xa que o encerado dixital interactivo pode proporcionar información de forma inmediata.

Este compoñente resulta particularmente útil á hora de comprobar as respostas que deron os alumnos/as nas actividades. Ademais, dá a opción de visualizar as respostas unha por unha, para dar explicacións máis detalladas, ou ben todas á vez, para unha maior eficiencia.

Outra vantaxe importante que ofrecen os encerados dixitais é que permiten gardar todo o material que se xera nunha clase e dan a opción de volver ao mesmo para practicalo máis adiante. Pódese acceder a todos os contidos (textos, listas de vocabulario, actividades de gramática, gravacións, vídeos de Internet, achegas do alumno/a, etc.) cun só clic.

Os compoñentes interactivos máis novos dos encerados dixitais son:
**- *Wordlists and Dictations***, unha útil ferramenta **para practicar e revisar o vocabulario con listas e gravacións do mesmo, traducións como axuda para practicalo e ortografía.**
**- *Web links*** que inclúen ligazóns a páxinas web, vídeos, entrevistas reais, textos extra para practicar a comprensión escrita, etc. A maioría destas ligazóns inclúe preguntas de comprensión para que os alumnos/as poidan practicar a comprensión oral e escrita de información clave. Outras ligazóns ofrecen simplemente o mero pracer da aprendizaxe de algo novo.

**27.2 METODOLOXIA**

• Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumno/a logre **comunicarse e desenvolverse con éxito no plano oral e no escrito, de modo natural.**

• Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.

• Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.

• **Profundar no sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario**, de modo que poida

recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.

• Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumno para crear unha comunicación real.

• Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: ***listening***, ***speaking***, ***reading*** **e** ***writing*.**

• Ofrecerlle todas as facilidades posíbeis para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.

• Espertar no alumnado a responsabilidade de conseguir **a autonomía na súa aprendizaxe,** recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveña.

• **Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.**

**• Fomentar a autoavaliación** como ferramenta imprescindíbel para conseguir un progreso eficaz na aprendizaxe.

**27.3. Competencias clave**

As orientacións da **Unión Europea** insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensábel para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.
As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística**

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

> – **O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfic**a da lingua).
> – O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
> – O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao **coñecemento do**

**mundo e a dimensión intercultural.**
– O compoñente estratéxico permítelle ao individuo **superar as dificultades e resolver os problemas** que xorden no acto comunicativo. Inclúe **tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación**, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
– O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións**: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.**

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre **os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.**
O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos
Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.
A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.
Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da **cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.**

As competencias básicas en **ciencia e tecnoloxía** son aquelas que proporcionan un **achegamento ao mundo físico e** á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a **cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais**. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.
Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos **á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así** mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Hanse de incluír **actitudes e valores** relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr **unha vida física e mental saudábel** nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.
Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

- **Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial **para informarse, aprender e comunicarse.**

Implica ser **unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva** ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén**, ter unha actitude critica e reflexiva** na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

- **Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como **a capacidade de cooperar, de se autoavaliar**, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

- **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase **co benestar persoal e colectivo**. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, **mostrar tolerancia,** expresar e comprender puntos de vista diferentes, **negocia**r sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de **democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís**, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o **sentido da responsabilidade** e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" implica a **capacidade de transformar as ideas en** actos. Iso significa adquirir conciencia da situación **a intervir ou resolver**, e saber **elixir, planificar** e **xestionar os coñecementos**, **destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio**, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación **de futuros cidadáns emprendedores**, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a **capacidade creadora e de innovación**, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

- **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender**, apreciar e valorar con espírito crítico**, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da **riqueza e patrimonio dos pobos.**

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á **conservación do patrimonio cultural e artístico**, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e

valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de **esforzo, constancia e disciplina** para a creación de calquera produción artística de calidade.

A continuación, incluímos unha táboa de equivalencias para consultar os niveis de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

## 27.4. TÁBOA DE CONSULTA DE NIVEIS DE ADQUISICIÓN

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

| Conségueo | Non o consegue totalmente | Conségueo con dificultade | Non o consegue |
|---|---|---|---|
| Comprende correctamente instrucións técnicas dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade. | Comprende case ao completo as instrucións técnicas dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade. | Comprende parcialmente e con problemas as instrucións técnicas dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade. | Non comprende as instrucións técnicas dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade. |
| Entende perfectamente, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto da mesma. | Entende case ao completo, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto da mesma. | Entende parcialmente e con problemas, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto da mesma. | Non entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema nin a solicitude de información respecto da mesma. |
| Identifica correctamente os puntos principais e detalles relevantes dunha conversación formal ou informal de certa duración. | Identifica case todos os puntos principais e detalles relevantes dunha conversación formal ou informal de certa duración. | Cústalle identificar os puntos principais e detalles relevantes dunha conversación formal ou informal de certa duración. | Non identifica os puntos principais nin os detalles relevantes dunha conversación formal ou informal de certa duración. |
| Comprende perfectamente, nunha conversación informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz coma por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza. | Comprende, nunha conversación informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz coma por medios técnicos, case toda a información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza. | Comprende con dificultade, nunha conversación informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz coma por medios técnicos, a información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza. | Non comprende, nunha conversación informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz coma por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza. |
| Comprende, nunha conversación formal na que | Comprende, nunha conversación formal na que | Comprende con dificultade, nunha conversación formal | Non comprende, nunha conversación |

| | | | |
|---|---|---|---|
| participa, no ámbito académico ou ocupacional, toda a información detallada e todos os puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais. | participa, no ámbito académico ou ocupacional, case toda a información detallada e case todos os puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais. | na que participa, no ámbito académico ou ocupacional, información detallada e os puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais. | formal na que participa, no ámbito académico ou ocupacional, información detallada nin os puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais. |
| Comprende perfectamente todas as ideas principais e todos os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade. | Comprende case todas as ideas principais e case todos os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade. | Cústalle comprender as ideas principais e os detalles rele6antes duNha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade. | Non comprende as ideas principais nin os detalles relevantes dunHa presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do SeU interese ou da súa especialidade. |
| Comprende perfectamente todos os punTos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade. | Comprende case todos os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade. | Cústalle comprender case todos os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade. | Non comprende os puntos principais nin os detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade. |

BLOQUE 2: PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS

| Conségueo | Non o consegue totalmente | Conségueo con dificultade | Non o consegue |
|---|---|---|---|
| Fai correctamente presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoábel precisión, e responde sen problemas preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a | Fai presentacións máis ou menos estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir boa parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas con certa precisión, e responde preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. | Fai presentacións estruturadas con dificultade e de certa duración sobre un tema académico, con pouca claridade como para que se poida seguir e cuxas ideas principais estean explicadas con pouca precisión, e non é de todo capaz de responder preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. | Non é capaz de facer presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoábel precisión, e non é capaz de responder |

| | | | |
|---|---|---|---|
| velocidade normal. | | | preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. |
| Desenvólvese correctamente e con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. | Desenvólvese con certa eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con suficiente claridade e seguindo máis ou menos as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. | Desenvólvese con dificultade en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con pouca claridade e seguindo con dificultade as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. | Non se desenvolve en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, nin en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, sen ser capaz de expoñer os seus razoamentos e puntos de vista con claridade<br>Nin Seguindo as coNvencións socioculturais que demanda o contexto específico. |
| ParticIpa actiVamente e con eficacia en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que DEscribe con certo detalle feitos, Experiencias Sentimentos e reaccións, soñoS, espeRanzas e ambicións, e respOnDe adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a IndiferenzA; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; dá opinións e solicita as dos demais sobre temas do seu interese; fai comprensíbeis as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posíbeis de problemas ou cuestións prácticas; expresa con | Participa case sen dificultade en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con algún detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; dá opinións e solicita as dos demais sobre temas do seu interese; fai comprensíbeis con algunha dificultade as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posíbeis de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas | Participa con dificultade en cOnversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con po5co detalle feitos, expe2iencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e non é capaz de todo de rEsponder a sentimentos como a sorpresa, o interesE oU a indiferenza apenas é capaz de contar historiAs, así cOmo o argumenTo de libros e películas, indicando as súas reaccións; cústalle facer ofrecementos e preguntar pOr opinións persoais sobre temas do seu interese; ten dificultade para facer comprensíbeis as súas opinións e reaccións respecto das solucións posíbeis de problemas ou cuestións | Non é capaz de participar con eficacia en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e non responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; non conta historias, nin o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; non pode dar nin preguntar por opinións persoais sobre temas do seu |

| | | | |
|---|---|---|---|
| amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e proxectos. | opinións e proxec4os. | prácticas; cústalle expresar con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explicar e xustificar as súas opinións e proxectos. | interese; non é capaz de facer comprensíbeis as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posíbeis de problemas ou cuestións prácticas; non expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e non explica e xustifica as súas opinións e proxectos. |
| Participa adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de modo coherente as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións. | Participa, aínda que a miúdo teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista, e xustificando con algo de detalle e de modo máis ou menos coherente as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións. | Cústalle participar, e ten que pedir case constantemente que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista con pouca claridade, e xustificando con pouco detalle e de modo pouco coherente as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións. | Non é capaz de participar,en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, etc. |

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

| Conségueo | Non o consegue totalmente | Conségueo con dificultade | Non o consegue |
|---|---|---|---|
| Comprende perfectamente instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade. | Comprende case sen problemas instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade. | Cústalle comprender instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade. | Non comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade. |
| Entende perfectamente | Entende case todos os | Entende con dificultade os | Non entende os |

| | | | |
|---|---|---|---|
| todos os detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico. | detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico. | detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico. | detalles relevantes nin as implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico. |
| Comprende perfectamente correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; faise preguntas sobre problemas e explícase con bastante precisión; describe de modo claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas do seu interese. | Comprende case sen problemas correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; faise preguntas sobre problemas e explícase con razoábel precisión; e describe de modo bastante claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos, tanto abstractos coma concretos, de temas do seu interese. | Cústalle comprender correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmiten información e ideas; faise preguntas sobre problemas e explícase con pouca precisión; e describe de modo pouco claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese. | Non comprende correspondencia persoal en ningún soporte, nin mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; non se pregunta sobre problemas e non é capaz de explicalos con precisión, nin se describen experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese. |
| Comprende perfectamente información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas. | Comprende case toda a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas. | Comprende con bastante dificultade a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas. | Non comprende a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas. |
| Comprende perfectamente o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua. | Comprende case ao completo o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua. | Cústalle comprender o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua. | Non comprende o sentido xeral, os puntos principais nin os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua. |
| Entende perfectamente a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa | Entende case sen problemas a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa | Ten dificultade para entender a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da | Non entende a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación |

| | | | |
|---|---|---|---|
- Expresar opinións.
- Redactar un texto de opinión, prestando especial atención á orde das palabras na oración.
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos /i:/ e /ɪ/.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

**b) Contidos didácticos**

***Reading***
- Introdución ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión do propósito do autor á hora de escribir un texto.
- Comprensión dun texto sobre a orquestra sinfónica Kimbanguist da República do Congo, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.
- *False friends* destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección *Have Your Say*.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Vocabulary***
- Aplicación do vocabulario do texto na sección *Words from the Text*.
- Uso de xerundios e infinitivos.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección *Words in Use* .

***Listening***
- Introdución ao tema do *listening* a partir da procura de información específica.
- Comprensión oral de varios monólogos e diálogos sobre distintas actividades relacionadas coa música, para elixir a resposta correcta.

- Expresión da experiencia persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.
- *Listen Closely*: comprensión oral de expresións utilizadas á hora de comunicar algo desagradábel a alguén, co fin de elixir a resposta correcta.
- *Web Quest*: procura en Internet de información sobre os instrumentos que compoñen unha orquestra. Elixir un deles e facer unha breve presentación sobre o proceso de fabricación.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Grammar***

- Uso dos verbos modais e dos modais perfectos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Living English*: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais.

***Communication***

*Vocabulary*

- Comprensión do vocabulario clave sobre o mundo do espectáculo.
- Palabras que se confunden con facilidade.

*Listening*

- Introdución ao tema do *listening*, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral dunha reportaxe na radio sobre un concerto dunha orquestra que interpreta fragmentos de música de videoxogos de todas as épocas, acompañados de secuencias de vídeo, iluminación e efectos especiais.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: unha reportaxe na radio.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say.*

*Speaking Task*

11- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade, co emprego do vocabulario que aparece nela.
12- Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre os plans para saír pola noite, utilizando as expresións dadas.
13- *Living Culture*: o país de orixe dalgúns xéneros musicais.

*Pronunciation*

- Identificación e pronuncia dos sons vocálicos /iː/ e /ɪ/. Práctica adicional destes sons na sección *Pronunciation Practice*.

***Writing***

- Análise da estrutura dun texto de opinión.
- *Tip*: uso de "**would**" para referirse a situacións hipotéticas.
- Estudo e práctica da orde das palabras na oración.
- Produción dun texto de opinión seguindo as indicacións do apartado *Writing Task* e autocorrección da tarefa a través da *Checklist.*

***Living English Extra***

*Culture*

- Comprensión dun texto sobre as sesións de música nos pubs irlandeses, para realizar distintas actividades.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.

- Comprensión oral dun programa de radio sobre un festival que se celebra en Escocia, para realizar distintas actividades.
- Interacción oral co compañeiro/a para comprar entradas e asistir a un partido de fútbol ou a un concerto.

***Language Consolidation***

- Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica o vocabulario e a gramática vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE.

**c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:
  - *Reading*, SB, páxs. 30-31; *Culture,* SB, páx. 106; *Reading*, WB, páx. 25: comprensión escrita de varios textos sobre a orquestra sinfónica Kimbanguist da República do Congo, as sesións de música nos pubs irlandeses e a síndrome de *savant* ou síndrome do sabio. Estratexia de lectura: comprensión do propósito do autor á hora de escribir un texto; *false friends,* SB, páx. 19: identificación de *false friends* no texto.
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 32 e 36; *Language Consolidation*, SB, p. 40; *Vocabulary Builder*, páxs. 74-75: uso de vocabulario relacionado co mundo do espectáculo; uso dos xerundios e dos infinitivos; palabras que se confunden con facilidade; *Word Power*, SB, páxs. 30 e 33: ampliación do vocabulario visto nas seccións.
  - *Listening*, SB, páxs. 33 e 36; *Listening,* na sección, *Culture,* SB, páx. 107: comprensión oral de varios monólogos e diálogos sobre distintas actividades relacionadas coa música, unha reportaxe na radio sobre un concerto dunha orquestra que interpreta fragmentos de música de videoxogos, acompañados de secuencias de vídeo, iluminación e efectos especiais e un programa de radio sobre un festival que se celebra en Escocia; *Listen Closely*, páx. 33: comprensión oral de varias frases para identificar as expresións que se utilizan á hora de comunicar algo desagradábel a alguén.
  - *Grammar*, SB, páxs. 34-35; *Language Consolidation*, SB, p. 40; *Grammar Basics*, páx. 125: uso dos verbos modais e dos modais perfectos; *Living English*, SB, páx. 35; práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade, en contextos comunicativos habituais; *Writing*, SB, páxs. 38-39: a orde das palabras na oración.
  - *Speaking Task*, SB, páx. 37; *Speaking,* na sección, *Culture,* SB, páx. 107: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para falar sobre os plans para saír pola noite, comprar entradas para asistir a un partido de fútbol ou a un concerto e descricións de fotos; *Living Culture*, SB, páx. 37: información sobre o país de orixe dalgúns xéneros musicais.
  - *Pronunciation*, SB, páx. 37; *Pronunciation Practice*, páx. 132: pronuncia dos sons vocálicos **/i:/ e /I/.**
  - *Writing*, SB, páxs. 38-39; *Writing*; WB, páx. 26: expresión escrita dun un texto de opinión, utilizando as expresións e vocabulario adecuados.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 40: uso da tecnoloxía para recuperar artistas falecidos de forma virtual, mediante hologramas.

- Competencia dixital:
  - *Web Quest,* SB*,* páx. 33: procura en Internet de información sobre os instrumentos que compoñen unha orquestra. Elixir un deles e facer unha breve presentación sobre o proceso de fabricación; *Techno Option*, SB, páx. 33: facer unha presentación con

diapositivas.

- *Living English Interactive*, www.burlingtonbooks.es/le1interactive: práctica das tarefas interactivas de vocabulario, gramática, comprensión oral e das actividades web correspondentes á unidade 3.
- *Digital Teacher's Resources:*
  + *Burlington PAU Examination Builder*: proporciona dez exames listos para usar en cada comunidade autónoma e exames para facer un mesmo/a, baseados en textos con versión longa e curta.
  + *Interactive Whiteboard*: proporciona listas de vocabulario, gravacións do mesmo e traducións, e ligazóns a páxinas webs que inclúen preguntas de comprensión.
  + *Test Factory and Other Resources*: realización do exame correspondente á unidade 3.

- Aprender a aprender:
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 40; *Check Your Progress*, WB, páx. 27; *Student Learning Record*, WB, páx. 130; *Vocabulary Builder*, páxs. 74-75: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

- Competencias sociais e cívicas:
  - *Have Your Say*, SB, páxs. 29, 31, 33 e 36: aprendizaxe e práctica das fórmulas para expresar a opinión persoal sobre un tema dado.
  - *Reading*, SB, páxs. 18-19: valoración da vontade dos membros da orquestra sinfónica Kimbanguist da República do Congo para superar calquera obstáculo e tocar nunha orquestra.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 32: importancia da música para o desenvolvemento persoal e social dos mozos/as dun dos barrios máis desfavorecidos de Liverpool, a través do proxecto social *In Harmony.*
  - *Grammar,* SB, páx. 34: importancia de aprender a tocar un instrumento musical como parte da educación dos nenos/as.
  - *Speaking Task,* SB, páx. 37; *Speaking*, na sección *Culture*, SB, páx. 107: aprendizaxe e práctica de fórmulas para expresar opinións e comprar entradas para asistir a un partido de fútbol ou a un concerto.
  - *Culture*, SB, páx. 106: respecto pola cultura musical e polos instrumentos tradicionais de Irlanda.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
  - *Speaking Task*, SB, páx. 37; *Speaking,* na sección, *Culture*, SB, páx. 107: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.
  - *Writing*, SB, páxs.38-39; *Writing*, WB, páx. 26: uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un traballo escrito.
  - *Student Learning Record*, WB, páx. 130: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

- Conciencia e expresións culturais:
  - *Web Quest,* SB, páx. 33: curiosidade por coñecer os instrumentos que compoñen unha orquestra.
  - *Listening,* SB, páx. 36: información sobre o *Video Games Live,* un concerto no que unha orquestra interpreta fragmentos de música de videoxogos, acompañados de secuencias de vídeo, iluminación e efectos especiais.
  - *Living Culture*, SB, páx. 37: interese por coñecer a orixe dalgúns estilos musicais.
  - *Culture*, SB, páxs. 106-107: información sobre a música e os instrumentos

tradicionais de Irlanda, e o seu recoñecemento internacional, e un festival que se celebra en Escocia.

**d) Temas interdisciplinares**

• Tecnoloxías da información e da comunicación:
- A importancia de Internet na sociedade contemporánea.
- Artistas falecidos, recuperados de forma virtual mediante hologramas.

• Linguaxe e práctica musical:
- Instrumentos que compoñen unha orquestra.
- Actuacións en vivo de música tradicional nos pubs irlandeses.
- Recoñecemento internacional da danza irlandesa.
- Instrumentos da música tradicional irlandesa.
- O tradicional baile das Highlands.

• Cultura audiovisual:
- *Video Games Live*: concertos nos que unha orquestra interpreta fragmentos de música de videoxogos, acompañados de secuencias de vídeo, iluminación e efectos especiais.

• Filosofía:
- A orquestra sinfónica Kimbanguist da República do Congo: composta por afeccionados e amantes da música de todas as orixes e condicións que superan todo tipo de obstáculos para cumprir o soño de tocar nunha orquestra.
- Os beneficios de tocar un instrumento musical.
- A orixe dalgúns estilos musicais.
- A música tradicional irlandesa presente en distintos ámbitos sociais.

• Lingua e literatura:
- Técnicas de lectura: ler a primeira liña de cada parágrafo para identificar a idea principal que contén.
- O xerundio e o infinitivo.
- Modais e modais perfectos.
- Práctica de expresións coloquiais en contextos comunicativos habituais.
- Palabras que se confunden con facilidade.
- Técnicas de escritura.
- A estrutura dun texto de opinión. Redactar un.
- A orde das palabras na oración.

AVALIACIÓN 2 UNIDADES 4,5,6

**UNIT 5 – *An Apple a Day Keeps the Doctor Away***

**a) Obxectivos**

- Ler de forma comprensiva e autónoma os consellos para combater a tensión que se inclúen nunha páxina web.
- Aprender vocabulario relacionado co estado físico.
- Utilizar a voz pasiva correctamente.
- Utilizar correctamente os verbos causativos (**have** / **get** + **something** + **done**).
- Comprender a información clave de varios diálogos e monólogos, e unha entrevista de radio.
- Comparar fotografías.

- Redactar un texto informativo, empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas.
- Pronunciar correctamente as palabras que conteñen letras mudas.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

**b) Contidos didácticos**

***Reading***

- Introdución ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Predición do contido dun texto a partir da identificación das palabras clave que contén.
- Comprensión dun texto dunha páxina web con consellos para combater a tensión, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.
- *False friends* destacados no texto.
- Expresión da experiencia persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección *Have Your Say*.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Vocabulary***

- Aplicación do vocabulario do texto na sección *Words from the Text*.
- *Phrasal verbs.*
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección *Words in Use.*

***Listening***

- Introdución ao tema do *listening* a partir da identificación das palabras clave nas preguntas e nas respostas.
- Comprensión oral de varios diálogos e monólogos sobre temas de saúde, para elixir a resposta correcta.
- Expresión da experiencia persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.
- *Listen Closely*: comprensión oral de dúas conversacións breves, para identificar o significado correcto das palabras.
- *Web Quest*: procura en Internet de información sobre algún tema de saúde, para elaborar un folleto informativo.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Grammar***

- Uso adecuado da voz pasiva. Diferenzas coa voz activa.
- Os verbos causativos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Living English*: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade, en contextos comunicativos habituais.

***Communication***

*Vocabulary*

- Comprensión do vocabulario clave sobre o estado físico.
- *Collocations.*

*Listening*

- Introdución ao tema do *listening* a partir dunhas fotografías.
- Comprensión oral dunha entrevista de radio sobre un adestrador persoal de famosos.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: entrevista de radio.

- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.

*Speaking Task*

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade co emprego do vocabulario que aparece nela.
- Interacción oral co compañeiro/a para comparar unhas fotografías, utilizando as expresións dadas.
- *Living Culture*: o país de orixe dalgúns deportes e actividades que axudan a coidar a saúde física e mental.

*Pronunciation*

- Pronuncia de palabras que conteñen letras mudas. Práctica adicional destes sons na sección *Pronunciation Practice.*

***Writing***

- Análise da estrutura dun texto informativo.
- *Tip*: uso correcto dos tempos verbais nos textos informativos.
- Estudo e práctica das conxuncións causais e consecutivas.
- Produción dun texto informativo seguindo as indicacións do apartado *Writing Task* e autocorrección da tarefa a través da *Checklist.*

***Living English Extra***

*Culture*

- Comprensión dun texto sobre o "paradoxo francés", para realizar distintas actividades.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.
- Comprensión oral dunha charla sobre a orixe dalgúns alimentos tipicamente franceses, para realizar distintas actividades.
- Interacción oral co compañeiro/a para pedir comida da carta dun restaurante.

***Language Consolidation***

- Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica o vocabulario e a gramática vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE.

**c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:
  - *Reading*, SB, páxs. 54-55; *Culture,* SB, páx. 110; *Reading*, WB, páx. 41: comprensión escrita dunha páxina web con consellos para combater a tensión, un texto sobre o "paradoxo francés" e outro sobre a importancia de durmir pola noite o número suficiente de horas. Estratexia de lectura: identificación das palabras clave que hai nun texto; *False friends,* SB, páx. 55: identificación de *false friends* no texto.
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 56 e 60; *Language Consolidation*, SB, p. 64; *Vocabulary Builder*, páxs. 78-79: uso de vocabulario relacionado co estado físico; os *phrasal verbs*; *collocations*; *Word Power*, SB, páxs. 54 e 57: ampliación do vocabulario visto nas seccións.
  - *Listening*, SB, páxs. 57 e 60; *Listening,* na sección, *Culture,* SB, páx. 111: comprensión oral de varios diálogos e monólogos sobre temas de saúde, unha entrevista de radio sobre un adestrador persoal de famosos e unha charla sobre a orixe dalgúns alimentos tipicamente franceses; *Listen Closely*, páx. 57: comprensión oral de varias frases para identificar o significado correcto das palabras.
  - *Grammar*, SB, páxs. 58-59; *Language Consolidation*, SB, p. 64; *Grammar Basics*,

páx. 127: uso da voz pasiva e dos verbos causativos; *Living English*, SB, páx. 59; práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade, en contextos comunicativos habituais; *Writing*, SB, páxs. 62-63: as conxuncións causais e consecutivas.
- *Speaking Task*, SB, páx. 61; *Speaking,* na sección, *Culture,* SB, páx. 111: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a, para comparar unhas fotografías e pedir comida da carta dun restaurante; *Living Culture*, SB, páx. 61: información sobre o país de orixe dalgúns deportes e actividades que axudan a coidar a saúde física e mental.
- *Pronunciation*, SB, páx. 61 *Pronunciation Practice*, páx. 132: pronunciación de palabras que conteñen letras mudas
- *Writing*, SB, páxs. 62-63; *Writing*; WB, páx. 42: expresión escrita dun texto informativo sobre algún tipo de exercicio para estar en boa forma e outro sobre un tema relacionado coa saúde, utilizando as expresións e vocabulario adecuados.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *Reading*, SB, páxs. 54-55: consellos para combater a tensión.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 56: a importancia de facer exercicio regularmente para previr algunhas enfermidades.
  - *Grammar*, SB, páx. 58: información sobre o uso dos cigarros electrónicos.
  - *Listening*, SB, páxs. 57 e 60: reflexión sobre a importancia dunha dieta equilibrada para ter boa saúde, os riscos de broncearse nas cabinas de raios UVA e o problema do sobrepeso na sociedade actual.
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 64: os efectos do uso de aparellos electrónicos á hora de conciliar o sono pola noite e os efectos para a saúde de facer demasiado exercicio.

- Competencia dixital:
  - *Web Quest,* SB*,* páx. 57: procura en Internet de información sobre algún tema de saúde para elaborar un folleto informativo; *Techno Option*, SB, páx. 57: elaborar un folleto e colgalo en Internet.
  - *Living English Interactive*, www.burlingtonbooks.es/le1interactive: práctica das tarefas interactivas de vocabulario, gramática, comprensión oral e das actividades web correspondentes á unidade 5.
  - *Digital Teacher's Resources:*
    + *Burlington PAU Examination Builder*: proporciona dez exames listos para usar en cada comunidade autónoma e exames para facer un mesmo/a, baseados en textos con versión longa e curta.
    + *Interactive Whiteboard*: proporciona listas de vocabulario, gravacións do mesmo e traducións, e ligazóns a páxinas webs que inclúen preguntas de comprensión.
    + *Test Factory and Other Resources*: realización do exame correspondente á unidade 5.

- Aprender a aprender:
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 64; *Check Your Progress*, WB, páx. 43; *Student Learning Record*, WB, páx. 131; *Vocabulary Builder*, páxs. 78-79: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

- Competencias sociais e cívicas:
  - *Have Your Say*, SB, páxs. 53, 55, 57 e 60: aprendizaxe e práctica das fórmulas para expresar a opinión persoal sobre un tema dado.
  - *Speaking Task,* SB, páx. 61; *Speaking*, na sección *Culture*, SB, páx. 111: aprendizaxe e práctica de fórmulas para comparar fotografías e pedir comida da

carta dun restaurante .

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
  - *Speaking Task,* SB, páx. 61; *Speaking*, na sección *Culture*, SB, páx. 111: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.
  - *Writing*, SB, páxs. 62-63; *Writing*, WB, páx. 42: uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un traballo escrito.
  - *Student Learning Record*, WB, páx. 131: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

- Conciencia e expresións culturais:
  - *Living Culture*, SB, páx. 61: interese por coñecer o país de orixe dalgúns deportes e actividades que axudan a coidar a saúde física e mental
  - *Culture*, SB, páxs. 110-111: interese por saber que é o “paradoxo francés” e a orixe dalgúns alimentos tipicamente franceses.

**d) Temas interdisciplinares**

• Educación física:
- A práctica regular de exercicio físico axuda a previr algunhas enfermidades.
- O país de orixe dalgúns deportes e actividades que axudan a coidar a saúde física e mental.

• Bioloxía e xeoloxía:
- Consellos para combater a tensión.
- Debate sobre o uso dos cigarros electrónicos.
- A importancia dunha dieta equilibrada para ter boa saúde.
- A importancia de durmir o número suficiente de horas pola noite.
- Os riscos de broncearse nas cabinas de raios UVA.
- O problema do sobrepeso na sociedade actual.
- O uso de aparellos electrónicos pola noite impide conciliar o sono.
- O “paradoxo francés”, termo que fai referencia á baixa incidencia de enfermidades cardiovasculares e obesidade na poboación francesa, a pesar do consumo de alimentos cun alto contido en materia graxa.

• Filosofía:
- A orixe dalgúns alimentos tipicamente franceses.

• Lingua e literatura:
- Frases feitas relacionadas co tema da saúde.
- Técnicas de lectura: predición do contido dun texto a partir da identificación das palabras clave que contén.
- *Phrasal verbs*.
- A voz pasiva.
- Os verbos causativos.
- Práctica de expresións coloquiais en contextos comunicativos habituais.
- *Collocations*.
- Técnicas de escritura.
- A estrutura dun texto informativo. Redactar un.
- As conxuncións causais e consecutivas.

**<u>UNIT 6 – *Hit the Books!*</u>**

**a) Obxectivos**

- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre os métodos alternativos de ensino dun profesor de instituto.
- Aprender vocabulario relacionado coa educación.
- Utilizar o estilo indirecto correctamente.
- Comprender a información clave dunha entrevista de radio e dunha crítica cinematográfica.
- Falar dun tema para alcanzar un acordo.
- Redactar unha biografía, empregando os pronomes, persoais e demostrativos, e os adxectivos posesivos.
- Identificación da sílaba acentuada para pronunciar as palabras correctamente.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

**b) Contidos didácticos**

***Reading***

- Introdución ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión do contido do texto a partir da inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas) para comprender cousas que non están escritas.
- Comprensión dun texto sobre os métodos alternativos de ensino dun profesor de instituto, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.
- *False friends* destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección *Have Your Say*.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Vocabulary***

- Aplicación do vocabulario do texto na sección *Words from the Text*.
- Usos e diferenzas entre **used to** / **would** e entre **be used to** / **get used to**.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección *Words in Use.*

***Listening***

- Introdución ao tema do *listening*, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral dunha entrevista de radio sobre o tema dos deberes, para elixir a resposta correcta.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.
- *Listen Closely*: comprensión oral de varias frases para identificar o significado correcto de tres *false friends.*
- *Web Quest*: procura en Internet de información sobre o que fan no seu tempo libre os adolescentes doutros países. Despois, facer unha enquisa a varios estudantes para mostrar os resultados en dúas infografías.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Grammar***

- Relato do que outra persoa preguntou, respondeu ou suxeriu, utilizando o estilo indirecto. Uso e formación.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Living English*: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais

presentadas na unidade, en contextos comunicativos habituais.

***Communication***

*Vocabulary*

- Comprensión do vocabulario clave sobre a educación.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.

*Listening*

- Introdución ao tema do *listening* a partir dunha fotografía.
- Comprensión oral dunha crítica cinematográfica.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.

*Speaking Task*

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade, co emprego do vocabulario que aparece nela.
- Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre as vantaxes e desvantaxes das reformas no colexio, co fin de chegar a un acordo utilizando as expresións dadas.
- *Living Culture*: a duración das vacacións de verán en distintos países.

*Pronunciation*

- Identificación da sílaba acentuada para pronunciar as palabras correctamente. Práctica adicional na sección *Pronunciation Practice*.

***Writing***

- Análise da estrutura dunha biografía.
- *Tip*: uso correcto dos tempos verbais nas biografías.
- Uso dos pronomes persoais e demostrativos, e de adxectivos posesivos para evitar a repetición innecesaria de substantivos, e para que o texto se lea con fluidez.
- Produción dunha biografía seguindo as indicacións do apartado *Writing Task* e autocorrección da tarefa a través da *Checklist.*

***Living English Extra***

*Culture*

- Comprensión dun texto sobre as razóns que animaron aos estudantes dun colexio inglés a seguir levando uniforme, para realizar distintas actividades.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.
- Comprensión oral dunha entrevista sobre os internados británicos, para realizar distintas actividades.
- Interacción oral co compañeiro/a para pedir e dar consellos.

*Literature*

- Comprensión dun extracto da biografía do atleta Jesse Owens, para realizar distintas actividades.
- Elementos de análise literaria: os xéneros.

***Language Consolidation***

- Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica o vocabulario e a gramática vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE.

**c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:
  - *Reading*, SB, páxs. 66-67; *Culture,* SB, páx. 112; *Reading*, WB, páx. 49: comprensión escrita de varios textos sobre os métodos alternativos de ensino dun profesor de instituto, as razóns que animaron aos estudantes dun colexio inglés a seguir levando uniforme e o método Waldorf. Estratexia de lectura: inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); *false friends,* SB, páx. 67: identificación de *false friends* no texto.
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 68 e 72; *Language Consolidation*, SB, p. 76; *Vocabulary Builder*, páxs. 80-81: uso de vocabulario relacionado coa educación; usos e diferenzas entre **used to / would e be used to** / **get used to**; diferenzas no vocabulario entre o inglés británico e o americano; *Word Power*, SB, páxs. 66 e 69: ampliación do vocabulario visto nas seccións.
  - *Listening*, SB, páxs. 69 e 72; *Listening,* na sección, *Culture,* SB, páx. 113: comprensión oral dunha entrevista de radio sobre o tema dos deberes, unha crítica cinematográfica e unha entrevista sobre os internados; *Listen Closely*, páx. 69: comprensión oral de varias frases para identificar o significado correcto de varios *false friends*.
  - *Grammar*, SB, páxs. 70-71; *Language Consolidation*, SB, p. 76; *Grammar Basics*, páx. 128: uso do estilo indirecto; *Living English*, SB, páx. 71; práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais; *Writing*, SB, páxs. 74-75: uso dos pronomes persoais e demostrativos, e adxectivos posesivos para evitar a repetición innecesaria de substantivos e para que o texto se lea con fluidez
  - *Speaking Task*, SB, páx. 73; *Speaking,* na sección, *Culture,* SB, páx. 113: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a, para falar sobre as vantaxes e desvantaxes das reformas no colexio, co fin de chegar a un acordo e pedir e dar consellos; *Living Culture*, SB, páx. 73: información sobre a duración das vacacións de verán en varios países.
  - *Pronunciation*, SB, páx. 73; *Pronunciation Practice*, páx. 133: identificación da sílaba acentuada para pronunciar as palabras correctamente.
  - *Writing*, SB, páxs. 74-75; *Writing*; WB, páx. 50: expresión escrita dunha biografía sobre algún personaxe famoso e outro sobre un membro da familia ou un amigo/a , utilizando as expresións e vocabulario adecuados.

- Competencia dixital:
  - *Web Quest,* SB*,* páx. 69: procura en Internet de información sobre o que fan no seu tempo libre os adolescentes doutros países. Despois, facer unha enquisa a varios estudantes para mostrar os resultados en dúas infografías; *Techno Option*, SB, páx. 69: elaborar unhas infografías e colgalas en Internet.
  - *Grammar*, páx. 71: curiosidade por coñecer un sistema de titoría intelixente chamado *AutoTutor*.
  - *Living English Interactive*, www.burlingtonbooks.es/le1interactive: práctica das tarefas interactivas de vocabulario, gramática, comprensión oral e das actividades web correspondentes á unidade 6.
  - *Digital Teacher's Resources:*

    \+ *Burlington PAU Examination Builder*: proporciona dez exames listos para usar en cada comunidade autónoma e exames para facer un mesmo/a, baseados en textos con versión longa e curta.

    \+ *Interactive Whiteboard*: proporciona listas de vocabulario, gravacións do mesmo e traducións, e ligazóns a páxinas webs que inclúen preguntas de comprensión.

    \+ *Test Factory and Other Resources*: realización do exame correspondente á unidade 6.

- Aprender a aprender:
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 76; *Check Your Progress*, WB, páx. 51; *Student Learning Record*, WB, páx. 131; *Vocabulary Builder*, páxs. 80-81: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

- Competencias sociais e cívicas:
  - *Have Your Say*, SB, páxs. 65, 67, 69 e 72: aprendizaxe e práctica das fórmulas para expresar a opinión persoal sobre un tema dado.
  - *Reading*, SB, páxs. 65-66; *Vocabulary*, SB, páx. 68: interese por coñecer métodos de ensino alternativos dalgúns profesores.
  - *Listening*, SB, páx. 69: debate sobre a eliminación dos deberes da casa para que os adolescentes poidan desfrutar do seu tempo libre.
  - *Grammar*, SB, páx. 71: interese por coñecer un instituto onde ademais de ter un programa académico, aprenden a navegar en kaiak.
  - *Speaking Task,* SB, páx. 73; *Speaking*, na sección *Culture*, SB, páx. 113: aprendizaxe e práctica de fórmulas para chegar a unha decisión e pedir e dar consello.
  - *Language Consolidation*, SB, páx. 76: medidas para acabar co problema de copiar nos exames, tanto nos institutos coma nas universidades.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
  - *Speaking Task,* SB, páx. 73; *Speaking*, na sección *Culture*, SB, páx. 113: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.
  - *Writing*, SB, páxs. 74-75; *Writing*, WB, páx. 50: uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un traballo escrito.
  - *Student Learning Record*, WB, páx. 131: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

- Conciencia e expresións culturais:
  - *Listening,* SB, páx. 72: curiosidade pola vida dun home kenyano que conseguiu ir ao colexio aos 84 anos de idade.
  - *Living Culture*, SB, páx. 73: información sobre a duración das vacacións escolares de verán noutros países.
  - *Culture*, SB, páxs. 112-113: información sobre a tradición do uniforme nalgúns colexios ingleses, o desfile anual do alcalde de Londres polas rúas da cidade, que leva celebrándose 800 anos, e o pasado e o presente dos internados británicos.
  - *Literature*, páx. 120: lectura dun extracto da biografía do atleta Jesse Owens e coñecemento dos elementos de análise literaria: os xéneros.

**d) Temas interdisciplinares**

- Educación física:
  - A vida do atleta Jesse Owens.

- Cultura audiovisual:
  - Adaptación ao cinema da vida dun home kenyano que conseguiu ir ao colexio aos 84 anos de idade.

- Filosofía:
  - Métodos de ensino alternativos dalgúns profesores: aprender a pensar por un

mesmo e poder expresar ideas e puntos de vista persoais, mostrando unha actitude respectuosa cara aos demais.
- Debate sobre a eliminación dos deberes para facer na casa.
- Información sobre a duración das vacacións escolares de verán noutros países.
- Estudantes que sofren tensións pola cantidade de deberes que teñen para facer na casa e a falta de tempo libre.
- Medidas para acabar co problema de copiar nos exames, tanto nos institutos coma nas universidades.
- A tradición do uniforme nalgúns colexios ingleses.
- Os internados británicos: pasado e presente.

• Tecnoloxías da información e da comunicación:
- A importancia de Internet na sociedade contemporánea.
- As novas tecnoloxías como instrumento cotián: *AutoTutor,* un sistema informático de titoría para os estudantes.

• Historia do mundo contemporáneo:
- Desfile anual do alcalde de Londres polas rúas da cidade, unha tradición que se leva celebrando 800 anos.

• Literatura universal:
- Extracto da autobiografía de Jesse Owens.
- Elementos da análise literaria: os xéneros.

• Lingua e literatura:
- Frases feitas relacionadas co tema da educación.
- Técnicas de lectura: comprensión do contido do texto a partir da inferencia de matices, ou lendo entre liñas, para comprender cousas que non están escritas.
- Usos e diferenzas entre **used to** / **would** e **be used to** / **get used to**.
- O estilo indirecto.
- Práctica de expresións coloquiais en contextos comunicativos habituais.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Técnicas de escritura.
- A estrutura dunha biografía. Redactar unha.
- Uso dos pronomes persoais e demostrativos, e dos adxectivos posesivos para evitar a repetición innecesaria de substantivos e para que o texto se lea con fluidez.

AVALIACIÓN 3 UNIDADES7,8,

**UNIT 7 – *You Can't Teach an Old Dog New Tricks***

**a) Obxectivos**

- Ler de forma comprensiva e autónoma un blog de viaxes.
- Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía.
- Utilizar correctamente as oracións de relativo especificativas e explicativas.
- Comprender a información global e a específica dunha presentación e unha reportaxe.
- Participar en simulacións co compañeiro/a.
- Redactar unha carta de reclamación, empregando correctamente as conxuncións finais.
- Pronunciar correctamente a terminación do *Past Simple* regular (**-ed**): /d/, /t/, /id/.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

**b) Contidos didácticos**

***Reading***

- Introdución ao tema que trata o texto, a partir dunhas preguntas.
- Predición do contido dun texto pescudando o significado dalgunhas palabras polo seu contexto.
- Comprensión do contido dun blog de viaxes que describe a adicción dos adolescentes surcoreanos aos videoxogos, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU.
- Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan.
- *False friends* destacados no texto.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema que trata o texto, a través da sección *Have Your Say*.
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Vocabulary***

- Aplicación do vocabulario do texto na sección *Words from the Text*.
- Sufixos para formar substantivos.
- Aplicación do vocabulario visto anteriormente na sección *Words in Use.*

***Listening***

- Introdución ao tema do *listening*, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral dunha presentación sobre Facebook, para completar as frases.
- *Listen Closely*: comprensión oral de varias frases para identificar as expresións que se empregan na linguaxe oral, cando se quere aclarar algo que se dixo anteriormente.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.
- *Web Quest*: procura en Internet de información sobre Facebook para elaborar un póster que ademais inclúa unha secuencia cronolóxica e unha sección chamada *Did You Know?*
- *Word Power:* ampliación do vocabulario visto na sección.

***Grammar***

- As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os pronomes relativos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Living English*: práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais.

***Communication***

*Vocabulary*

- Comprensión do vocabulario clave sobre tecnoloxía.
- Formación de nomes compostos.

*Listening*

- Introdución ao tema do *listening*, a partir dunhas preguntas.
- Comprensión oral dunha reportaxe sobre unha exposición de videoxogos.
- Comprensión oral de distintos rexistros e formatos: unha reportaxe.
- Expresión da opinión persoal sobre o tema do *listening*, a través da sección *Have Your Say*.

*Speaking*

- Práctica oral das funcións comunicativas presentadas na unidade, co emprego do vocabulario que aparece na mesma.

- Participación nunha simulación co compañeiro/a, para realizar unha compra nunha tenda, utilizando as expresións dadas.
- *Living Culture*: información sobre a alta porcentaxe de poboación europea que está rexistrada en Facebook.

*Pronunciation*

- Pronuncia correcta da terminación do *Past Simple* regular (**-ed**): /d/, /t/, /id/. Práctica adicional destes sons na sección *Pronunciation Practice*.

***Writing***

- Análise da estrutura dunha carta formal ou correo electrónico.
- *Tip*: uso da voz pasiva nas cartas formais para manter un ton impersoal.
- Estudo e práctica das conxuncións finais.
- Produción dunha carta de reclamación seguindo as indicacións do apartado *Writing Task* e autocorrección da tarefa a través da *Checklist.*

***Living English Extra***

*Culture*

- Comprensión dun texto sobre o fenómeno *Angry Birds*, para realizar distintas actividades.
- Datos curiosos relacionados co tema do texto.
- Comprensión oral dunha entrevista de radio a unha persoa que traballa en Silicon Valley, para realizar distintas actividades.
- Interacción oral co compañeiro/a para falar dos seus plans.

***Language Consolidation***

δ) Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica o vocabulario e a gramática vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE.

**c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:
  - *Reading*, SB, páxs. 78-79; *Culture,* SB, páx. 114; *Reading*, WB, páx. 57: comprensión escrita de varios textos sobre un blog de viaxes que describe a adicción aos videoxogos dos adolescentes surcoreanos, o fenómeno *Angry Birds* e a incorporación de caixas negras nos vehículos. Estratexia de lectura: predición do contido dun texto, pescudando o significado dalgunhas palabras polo seu contexto; *false friends,* SB, páx. 79: identificación de *false friends* no texto.
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 80 e 84; *Language Consolidation*, SB, p. 88; *Vocabulary Builder*, páxs. 82-83: uso de vocabulario relacionado coa tecnoloxía; sufixos para formar substantivos; nomes compostos; *Word Power*, SB, páxs. 78 e 81: ampliación do vocabulario visto nas seccións.
  - *Listening*, SB, páxs. 81 e 84; *Listening,* na sección, *Culture,* SB, páx. 115: comprensión oral dunha presentación sobre Facebook, unha reportaxe sobre unha exposición de videoxogos e unha entrevista de radio a unha persoa que traballa en Silicon Valley; *Listen Closely*, páx. 81: comprensión oral de varias frases, para identificar as expresións que se empregan na linguaxe oral cando se quere aclarar algo que se dixo anteriormente.
  - *Grammar*, SB, páxs. 82-83; *Language Consolidation*, SB, p. 88; *Grammar Basics*, páx. 129: uso das oracións de relativo especificativas e explicativas; *Living English*, SB, páx. 83; práctica de expresións coloquiais co emprego das estruturas

gramaticais presentadas na unidade en contextos comunicativos habituais; *Writing*, SB, páx. 87: uso das conxuncións de finalidade.

- *Speaking Task*, SB, páx. 81; *Speaking,* na sección, *Culture,* SB, páx. 115: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para realizar unha compra nunha tenda e facer plans; *Living Culture*, SB, páx. 85: información sobre a alta porcentaxe de poboación europea que está rexistrada en Facebook.
- *Pronunciation*, SB, páx. 85; *Pronunciation Practice*, páx. 133: pronunciación correcta da terminación do *Past Simple* regular (**-ed**): /d/, /t/, /id/.
- *Writing*, SB, páxs. 86-87; *Writing*; WB, páx. 58: expresión escrita dunha carta de reclamación, utilizando as expresións e vocabulario adecuados.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *Living Culture*, SB, páx. 85: interese por coñecer que porcentaxe de poboación europea está rexistrada en Facebook.
  - *Grammar*, SB, páx. 83: información sobre Steve Jobs e sobre un dos primeiros videoxogos comercializados.
  - *Listening*, SB, páx. 84: exposición de videoxogos en Londres presentando as últimas novidades.
  - *Culture*, SB, páxs. 114-115: información sobre o fenómeno *Angry Birds*, o modelo de desenvolvemento económico finlandés e Silicon Valley, o centro líder para a innovación e o desenvolvemento de alta tecnoloxía.

- Competencia dixital:
  - *Reading,* SB*,* páxs. 78-79; *Vocabulary*, SB, páx. 80: utilización dos blogs como medio para compartir información sobre temas diversos.
